

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.

Para os efectos previstos no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) no primeiro cuadrimestre do ano 2018 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Nº: 1

Título: acordo de colaboración entre o Inega e a Axencia Turismo de Galicia para desenvolver proxectos de biomasa cofinanciados con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Axencia Turismo de Galicia para impulsar a biomasa en centros dependentes da Administración autonómica.

Sinatura: 17 de outubro de 2018.

Importe: 855.275,97 €.

Nº: 2

Título: acordo de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Inega para o desenvolvemento de proxectos de biomasa cofinanciados con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Consellería de Política Social para impulsar a biomasa en centros dependentes da Administración autonómica.

Sinatura: 17 de outubro de 2018.

Importe: 883.321,93 €.



Nº: 3

Título: acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Inega para o desenvolvemento de proxectos de biomasa cofinanciado con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para impulsar a biomasa en centros dependentes da Administración autonómica.

Sinatura: 24 de outubro de 2018.

Importe: 856.016,93 €.

Nº: 4

Título: acordo de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e o Inega, para o desenvolvemento de proxectos de renovables térmicas cofinanciado con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Obxecto: establecer as bases da colaboración entre Inega e XERA para impulsa as enerxías renovables térmicas.

Sinatura: 19 de novembro de 2018.

Importe: 300.000,00 €.

CVE-DOG: lfavurn5-xr88-a6g5-ygs1-qxo2gqohkq8

